

PROCEDEMENTO TRÁMITE DE LIBRANZA VINCULADA A PRAZA RESIDENCIAL PRIVADA

XESTIÓN SOCIAL SANITARIA COVID 19



Circuito para trámite de libranza vinculada a praza residencial privada

1. **Para tramitar libranza vinculada a residencia** privada durante a pandemia COVID 19, presentar a documentación por rexistro en Dependencia.
2. Se non ten expediente de dependencia hai que presentar toda a documentación.
3. Se ten un expediente anterior archivado e non pasaron 2 anos dende a data de arquivo presentará a solicitude indicando “Reactivación” cun informe social. Manténselle o grao que tivera recoñecido.
4. Se está subido ao PAR de residencia e solicita a libranza vinculada a residencia simplemente ten que presentar un escrito onde solicita o **bono de autonomía en residencia** (non require solicitude de dependencia normalizada nin do informe social). Debe indicar se quere permanecer no PAR de residencia ou non).
5. Se ten resolto outro recurso (PAR SAF, centro de día, libranza de coidados no contorno familiar...) ten que presentar a solicitude indicando que é un cambio de PIA e un informe social actualizado.
6. Recordade que na mesma solicitude (Procedemento BS210A) se pode pedir a libranza vinculada a residencia e a subida ao PAR de residencia.
7. Indicar centro residencial de ingreso para confirmar que está no RUEPSS. Contra-factura págase o importe da libranza en calquera entidade autorizada.
8. Cando se solicita a libranza débese entregar o certificado orixinal do IBAN a nome da persoa dependente, onde quere que lle abonemos a prestación.